

RESOLUCIÓN REITORAL DE 6 DE OUTUBRO DE 2025 POLA QUE SE CANCELAN DOUS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA PARA O PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2025/2026 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA.

Consonte ao establecido na Resolución Reitoral do 3 de xullo de 2025, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os Obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2025/2026, e tendo en conta o establecido no seu punto 8 parágrafo terceiro, no que se especifica que se cancelará un obradoiro se non acada o 70% das prazas ofertadas unha vez finalizado o prazo de matrícula, esta Reitoría,

RESOLVE:

Cancelar as solicitudes de obradoiros de extensión universitaria que abaixo se indica presentada para o campus de Pontevedra, polo motivo arriba exposto:

1 Caixas sonoras**2 Identificación de cogomelos nivel I**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación (R.R. do 30/05/2024, D.O.G. do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro

